



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo

Materia	Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo			
Código	O05G130V01202			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	<p>De modo orientativo, os campos de traballo do Educador/a Social focalízanse nas áreas socioeducativa, sociocultural, orientación social, orientación sociolaboral, discapacidades, persoas adultas, maiores, interculturalidade, protección e promoción da muller, familia, menores, etc. A educación social ten por obxecto o desenvolvemento psicossocioeducativo dos cidadáns co fin de acadar, completar e ampliar a súa educación formal, necesidades e expectativas que presentan potenciando o desenvolvemento holístico ao longo da vida.</p> <p>Á práctica educativa do educador/a social correspóndelle organizar, analizar, diagnosticar, deseñar, elaborar, planificar, desenvolver, asesorar e avaliar proxectos educativos. Ademais, debe colaborar con outros axentes socioeducativos, culturais e laborais, cos responsables de institucións e políticos na orientación de dinámicas que proporcionen oportunidades de desenvolvemento á cidadanía, así como embarcarse en accións de mediación e resolución de conflitos.</p> <p>A materia de «Didáctica: Deseño e programas no ámbito Socioeducativo» do Grao en E. Social insírese na área de coñecemento de Didáctica e Organización Escolar e abrangue contidos de carácter teórico e práctico. A contribución teórico-práctica desta materia posibilita a adquisición de competencias transversais ou xenéricas e específicas de formación disciplinaria e profesional.</p> <p>Esta materia adecúase ao perfil disciplinario e profesional da titulación de Educación Social porque posibilita o desenvolvemento de competencias de deseño e implementación de proxectos socioeducativos, a integración de estratexias e recursos innovadores.</p>			

Competencias de titulación

Código	
A1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
A2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
A3	Asumir e orientarse segundo valores de igualdade e de cidadanía democrática, e capacitar para a prevención e a mediación en casos de violencia nas súas diferentes manifestacións (simbólica, de xénero, laboral, escolar, sexual, étnica...)
A4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
A5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
A10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)

A12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
A13	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención no ámbito cultural
A16	Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos
A17	Dominar as metodoloxías de dinamización social e cultural
A18	Ter capacidade para potenciar as relacións interpersoais, desenvolver habilidades de comunicación interpersoal, solidariedade e empatía
A19	Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades
A20	Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas
A21	Asesorar e/ou acompañar a persoas e/ou grupos en procesos de desenvolvemento socioeducativo
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Planificación e organización
B4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
B5	Xestión da información
B6	Resolución de problemas e toma de decisións
B7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación
B8	Capacidade crítica e autocrítica
B9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
B10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
B11	Habilidades interpersoais
B12	Compromiso ético
B13	Autonomía na aprendizaxe
B14	Adaptación a situacións novas
B15	Creatividade
B16	Liderado
B17	Iniciativa e espírito emprendedor
B18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida
B20	Orientación á calidade

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socio-educativa e incorporalos nos diferentes ámbitos da acción socioeducativa.	A2	B1
	A3	B2
	A5	B4
	A20	B5
	A21	B8
		B11
		B13
2. Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar.		B15
		B18
	A1	B2
	A4	B5
	A5	B6
	A10	B7
	A16	B8
	A18	B14
	A19	B15
	A20	B17
A21		
3. Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento.	A12	B2
		B4
		B7
		B9
		B11
4. Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención no ámbito cultural.		B16
	A13	B4
		B7
		B10
	B16	

5. Dominar as metodoloxías de dinamización social e cultural.	A17	B7 B8 B9 B10 B12 B13 B14
6. Asesorar na elaboración e aplicación de planos, programas, proxectos e actividades socio-educativas.	A20	B2 B5 B6 B7 B8 B11 B12 B13 B18 B20

Contidos

Tema	
1. Didáctica e educación social.	1.1. Que é a educación social? 1.2. A educación social, educación non formal. 1.3. A formación permanente. 1.4. A educación en e desde a comunidade. 1.5. A educación social como profesión. 1.6. Ámbitos da educación social.
2. Ensinar e aprender en educación social.	2.1. Unha didáctica específica para a educación social. 2.2. Características da intervención en educación social. 2.3. Os procesos de ensino aprendizaxe. 2.4. O currículo. 2.5. Investigación, innovación e cambio en educación social.
3. Do proxecto da institución (PI) á intervención educativa.	3.1. O proxecto da institución, instrumento básico para a xestión socioeducativa. 3.2. Proceso para elaborar ou revisar un proxecto institucional. 3.3. Os proxectos socioeducativos: planificar a intervención a curto prazo. 3.4. A análise de necesidades, punto de partida. 3.5. Instrumentos para a análise de necesidades. 3.6. Das conclusións da análise de necesidades ao deseño dun modelo de formación. 3.7. As intencións educativas. 3.8. Metodoloxía e organización didáctica. 3.9. Os recursos. 3.10. Estratexias metodolóxicas. 3.11. A avaliación. 3.12. Do deseño á intervención activa.
4. Análise dos medios didácticos propios da educación social.	4.1. Metodoloxía específica da educación social. 4.2. As novas estratexias didácticas na educación non formal: cine-forum, libro-forum, disco-forum, talleres, etc. 4.3. Outros recursos didácticos da educación non formal. 4.4. Os medios de comunicación na educación social: cine, teatro, títeres, libro, internet, prensa, radio, etc. 4.5. Os xogos populares e tradicionais. 4.6. As ludotecas.
5. Avaliación dos procesos de intervención na educación social.	5.1. Concepto, tipos, técnicas e modelos de avaliación na educación social. 5.2. Avaliación de todos os elementos do proxecto ou plan de intervención para mellorar os seguintes. 5.3. Aplicación práctica, elaboración e deseño de proxectos concretos para os diferentes contextos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	0	3
Presentacións/exposicións	6	6	12
Titoría en grupo	6	6	12
Proxectos	0	27	27
Resolución de problemas e/ou exercicios	16	16	32
Sesión maxistral	22	0	22
Probas de resposta curta	2	40	42

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Identificación do manexo de vocabulario e contidos básicos da materia, ideas previas e posicionamentos nos que se situa o alumnado.
Presentacións/exposicións	Presentación e defensa de traballos elaborados polo alumnado.
Tutoría en grupo	A elaboración do proxecto estará supervisado en tutorías polo docente.
Proxectos	Os alumnos elaborarán un proxecto institucional, para iso a docente proporcionará a información necesaria (documentación, visionado de películas, exposición de experto).
Resolución de problemas e/ou exercicios	Elaboración dunha unidade didáctica e outras actividades relacionadas co estilo de aprendizaxe.
Sesión maxistral	Explicación sobre os contidos da materia dada pola profesora apoiándose no soporte impreso, audiovisual, dixital, etc. pertinente.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	A profesora ofrecerá as indicacións e pautas oportunas para a realización do traballo planteado ao alumnado, así coma orientación e seguimento do mesmo tanto na aula coma nas tutorías.
Tutoría en grupo	A profesora ofrecerá as indicacións e pautas oportunas para a realización do traballo planteado ao alumnado, así coma orientación e seguimento do mesmo tanto na aula coma nas tutorías.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Valoración da defensa e da preparación da exposición dun traballo realizado en grupo polo alumnado. Ata 3 punto. A nota mínima será de 1,5 puntos para considerar aprobada a realización do traballo. A nota será a mesma para tódolos membros do grupo.	30
Proxectos	Valoración das propostas de traballo plantexadas. Ata 1 puntos. O tratarse dunha proposta do traballo a realizar a nota será de aceptada (1 punto) ou non aceptada (0 puntos) que suporá a realización doutra proposta.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Valoración das actividades realizadas na clase, así como o nivel de participación. Ata 1 puntos.	10
Probas de resposta curta	As preguntas serán referentes o programa da materia que a docente explicará nas sesións maxistrais. Ata 5 puntos. A nota mínima para considerar superada a proba será de 2,5 puntos.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

ALUMNADO ASITENTE (con, polo menos, unha asistencia do 80% equilibrada nos diferentes tipos de sesións):

- A data tope para a entrega das diferentes actividades, proxecto, exposición, etc. será comunicada oportunamente polo profesor. Tamén se entregará unha copia en soporte dixital dos traballos que se presentaron o longo do curso (como copia de seguridade). Para o alumnado de avaliación continúa o desenvolvemento do traballo con todas as metodoloxías sinaladas é obrigatorio, así como acudir a clase regularmente (polo menos ao 80% das sesións). O non cumprimento destes extremos conleva non ser cualificado a través da avaliación continúa.- Aqueles estudantes que non acudan a clase con regularidade, considéranse alumnos non presenciais e deberán realizar os traballos e proxecto de forma individual e non se considerará avaliación continúa.- O alumnado asistente deberá cubrir unha ficha cos datos persoais e académicos.

ALUMNADO NON ASITENTE.

- O alumnado non asistente deberá concretar coa profesora os traballos/materiais/etc. a realizar, como máis tarde, no mes de abril e facer a súa entrega o mesmo día en que realice o exame oficial da 1ª ou 2ª convocatoria.

- As datas de realización do exame oficial serán as que figuran no calendario de exames da Facultade.

- O lugar de publicación das cualificacións e da revisión será no taboleiro de anuncios do despacho do profesor responsable. A data de revisión sinalarase no listado de cualificacións exposto.

OBSERVACIÓN:

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se levarán a cabo co alumnado na materia, concibíndose con certa flexibilidade; en consecuencia, pode requirir algunha rectificación promovida polo grupo de destinatarios real ou pola relevancia de situacións sobrevenidas. Así mesmo, aportarase ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

As datas de exames e de revisión de exames son as que se detallan na web da Facultade de Ciencias da Educación:

<http://www.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/>

Bibliografía. Fontes de información

Parcerisa, A. (1999), **Didáctica en la educación social. Enseñar y aprender fuera de la escuela.**, Editorial Garó,
CID, A.P. (2010), **Diseño y desarrollo del currículum. Manual de programación**, Editorial Andavira,
Bañeres, D. (et al.) (2008), **El juego como estrategia didáctica.**, Editorial Garó,
Moral Santaell, C. y Pérez García, M.P. (Coords.), **Didáctica. Teoría y práctica de la enseñanza.**, Editorial Pirámide,
Lirio Castro, J. (2005), **La metodología en educación social. Recorrido por diferentes ámbitos profesionales.**, Editorial Dykinson,

ALGUNAS REVISTAS RECOMENDADAS:

- Educación XXI.
- Educação e Sociedade.
- Espacio abierto.
- Revista de Educación Social.
- Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social.

ALGUNAS WEBS DE INTERÉS:

- <http://www.eduso.net/>
- http://es.wikipedia.org/wiki/Educaci%C3%B3n_social
- <http://www.doslourdes.net/JUEpopularytadicional.htm>
- http://www.galeon.com/cevico_navero/juegos.htm
- <http://www.escharacter.com/Html2/educacionsocial.htm>
- <http://www.uhu.es/cine.educacion/didactica/0042tecnicasgrupos.htm>
- <http://www.septg.org/>
- <http://www.ipetg.com/>
- <http://www.bosquejoverde.com.ar/juegosdigitales/ToFM/>

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Educación de persoas adultas/O05G130V01401
Educación para o lecer e o tempo libre/O05G130V01402
Estratexias de aprendizaxe en contextos socioeducativos/O05G130V01403
Intervención socioeducativa para a inclusión social/O05G130V01405

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Educación: Educación permanente/O05G130V01203

Educación: Historia da educación social/O05G130V01204

Educación: Pedagogía social/O05G130V01205

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Teorías e institucións educativas/O05G130V01103

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento/O05G130V01102

Recursos tecnolóxicos en educación social/O05G130V01105
